


R.1 ruta das CARBALLEIRAS

A ruta comeza no Centro de Interpretación da Castaña no lugar da Eirexa (frasestrada), antiga casa reitoral rehabilitada e punto de información do centro BTT, que alén disto alberga unha completa exposición sobre a castaña, protagonista da gastronomía na zona, da actividade económica do concello e da paisaxe deste percorrido. Nada máis comezar o itinerario encóntrase a igrexa parroquial de Santo Estevo, a partir de aquí a ruta alterna tramos de estrada comarcal e pistas forestais que se dirixen cara a San Cristovo, para continuar ata Ríos por un camiño entre campos de cultivo e outeiros. Unha vez en Ríos, capital municipal, pódese visitar a igrexa parroquial de Santa María, de estilo barroco. Desde o centro de Ríos, e compartindo un tramo da ruta 2, "Ruta de Valmedo" continúa en dirección norte por unha pista de terra que se dirixe cara ás Vendas da Barreira, onde se pode facer un alto no camiño para coñecer a capela de San Mauro e a pia bautismal situada no exterior do edificio. Unha vez deixado atrás este núcleo, a ruta transita durante uns quilómetros polo Camiño de Santiago de Ourese (Vía da Prata), ata que se separa deste no lugar coñecido como bosque das Maltras para continuar cara a Domiz e finalmente regresar ao punto de inicio da ruta.


| | | | | | | | |
|----------------|---|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Centro de Interpretación da Castaña (Ríos) X= 41°58.801'N Y= 007°16.671' W | altura máx. | 324 m | des. acum. posit. | dificultade | enfases | 2, 3 |
| chegada | Centro de Interpretación da Castaña (Ríos) X= 41°58.801'N Y= 007°16.671' W | altura mín. | 15,9 % | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 754 | | 13 km | 1h 30' | 36 |



R.2 ruta de VALMEDO

Partido desde Ríos, esta ruta comparte o seu tramo inicial coa ruta 1, "Ruta das Carballeiras" ata a aldea das Vendas da Barreira. Neste primeiro tramo haberá que percorrer con precaución uns 150 metros de estrada nacional ata collee o desvío cara a Trancoso e As Porqueras. Despois de pedalear a través dunha mesta carballeira en compañía do río Mente, coléase unha pista forestal cara á ermita da Vinea dos Remedios. Polo camiño contemplase unha panorámica da Serra da Urshreira, un espazo de gran valor arqueolóxico e natural. A ruta devorxa cara ao lugar coñecido como Os Caboreos dos Infernos, onde comeza un rápido descenso ata encontrarse novamente o río Mente. Tras pasar por debaixo de dous espectaculares viadutos alcázase o núcleo de Ataló do Mente. Unha vez cruzado o río e en paralelo á autovía chégase ao Navallo, onde se pode visitar a igrexa de San Vicente. Desde este punto a ruta diríxese cara ás zonas do Fragoso e O Cabezo, para compartir parte do trazado do Camiño de Santiago do Sueste (Vía da Prata) e regresar a Ríos.



| | | | | | | | |
|----------------|---|--------------------|------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Centro de Saúde (Ríos) X= 41°58.542'N Y= 007°16.921' W | altura máx. | 676 | des. acum. posit. | dificultade | enfases | 1 |
| chegada | Centro de Saúde (Ríos) X= 41°58.542'N Y= 007°16.921' W | altura mín. | 664 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 17 % | | 21 km | 2h 30' | 93 |



R.3 conexión RIÓS-BARXA

Desde Ríos, esta conexión atravesará o val do río Marcelín ata a aldea de Santa Baia, seguindo polo lugar de San Paio onde comeza un pequeno ascenso ata Castelo de Abaixo. Este espazo fronteiro onde se unen os ríos Mente e Arzoá, próximo ao Parque Natural de Montesinho (Portugal) e corazón de Trambolcos, posee un gran valor ecolóxico de influencia mediterránea con especies únicas en Galicia. En Castelo de Abaixo o camiño comeza a descender ata chegar á Veiga do Soto, pedaleando en paralelo ao límite fronteiro. Tras cruzar o río Mente en A Ponte de Veiga, incíase unha subida bastante técnica que recompénsase ao ciclota cun rápido descenso cara ás Fontas e a abaxía natural da Curva do Capelo. Desde aquí pódese contemplar unha espectacular panorámica da fronteira con Portugal, Pena Maseira e, ao fondo, Barxa, destino final desta ruta. En Barxa non hai que deixar de visitar a capela de San Xoán e os Muíños de Cachón.


| | | | | | | | |
|----------------|---|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Centro de Saúde (Ríos) X= 41°58.542'N Y= 007°16.921' W | altura máx. | 629 | des. acum. posit. | dificultade | enfases | 4 |
| chegada | Barxa (A Gudíña) X= 41°59.571'N Y= 007°10.993' W | altura mín. | 583 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 21,4 % | | 28,7 km | 3h | 122 |



R.4 ruta de PENA MASEIRA

Este gran percorrido circular amosa a biodiversidade do concello da Gudíña a través dun corredor natural que atravesará Pena Maseira, entre o Macizo Central Ourense e o Parque Natural de Montesinho en Portugal. Nos seus primeiros quilómetros a ruta diríxese cara á praia fluvial da Ribeira, para continuar entre castiñeiros ata alcanzar a aldea de Penles, onde sorprende a presenza dun castiñeiro centenario de grandes dimensións. Continuando polo mesmo val, á altura de Ovelas, un desvío fóra de ruta achéganos a Monte Furado, unha perforación realizada na aba da montaña para deviar o río Penles, un desvío a unhas antigas minas de volframo e o Muíño das Carleiras. En Barxa, en dirección á zona coñecida como Os Covatos, atravesase o río San Lorenzo por un pasal onde cumprirá basearse da bicicleta para poder avanzar. Na contorna de Pena Maseira, nas Salgueiras, pódese gozar dun espazo virde de pasteiros e bosques autóctonos. Tras alcanzar a capital do concello da Mezquita compártese trazado coa ruta 5, "Ruta dos Castros" ata O Pereiro, onde se volven separar ambas as rutas. Tras rodar coa bicicleta por un treito do Camiño de Santiago do Sueste (Vía da Prata) ata O Canizo, regreásase a Gudíña por unha pista paralela á estrada nacional.

| | | | | | | | |
|----------------|--|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Casa da Vinea (A Gudíña) X= 42° 03.634'N Y= 007°08.433' W | altura máx. | 397 m | des. acum. posit. | dificultade | enfases | 5, 6 |
| chegada | Casa da Vinea (A Gudíña) X= 42° 03.634'N Y= 007°08.433' W | altura mín. | 637 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 20,6 % | | 44 km | 4h 45' | 115 |



R.5 ruta dos TRES REINOS

Esta ruta permite visitar o Penedo dos Tres Reinos, unha elevación montañosa que marca o límite fronteiro entre Galicia, Portugal e Castela e León. Tamén é coñecido por ser lugar de paso da Ruta da Piana, unha ruta utilizada polos contrabandistas que levaban esta materia prima textil desde Portugal ata o concello da Risa, onde era cargada no tren ata Barcelosina para ser manufacturada e exportada ao Reino Unido. Nos primeiros quilómetros da ruta recoméndase unha paraxe en Chaguas para visitar a súa igrexa. Tras abandonar o núcleo de Marzobos, a pouco máis de dous quilómetros, un desvío fóra de ruta sinala a localización do Penedo dos Tres Reinos. Tras retornar a ruta principal e atravesar Cláveas, continúa en dirección a Santiago compartindo o último tramo que dá acceso á Mezquita coa ruta 6, "Ruta dos Castros".


| | | | | | | | |
|----------------|--|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Casa do Concello (A Mezquita) X= 42°02.246'N Y= 007°06.877' W | altura máx. | 1042 | des. acum. posit. | dificultade | enfases | 6 |
| chegada | Casa do Concello (A Mezquita) X= 42°02.246'N Y= 007°06.877' W | altura mín. | 947 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 11,7 % | | 23,3 km | 2h 30' | 39 |



R.6 ruta os CASTROS

Este percorrido ciclista ascende no seu primeiro tramo cara a Portela da Candá, límite entre as provincias de Zamora e Ourense. Un desvío fóra de ruta permite visitar o Alto do Castelo, onde se pode gozar dunha bela panorámica desde os restos dun antigo castro sen escavar. Tras enlazarse coa ruta 5 "Ruta dos Tres Reinos", continúa descendendo cara á aldea de Santiago onde se recomenda visitar a igrexa de San Simón. Moi preto da Mezquita pódese enlazar coa ruta 4 "Ruta da Pena Maseira" en dirección á Gudíña ou continuar o percorrido orienado da ruta 6 por un camiño de terra en dirección norte que se dirixe cara ao Pereiro. No límite deste concello haberá que se desviar por unha senda á dereita que circula paralela ao río Pereiro e que devolve o ciclista á igrexa da Viavela.



| | | | | | | | |
|----------------|---|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Igrexa da Viavela. X= 42°00.794'N Y= 007°02.717' W | altura máx. | 1342 | des. acum. posit. | dificultade | enfases | 4, 5 |
| chegada | Igrexa da Viavela. X= 42°00.794'N Y= 007°02.717' W | altura mín. | 941 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 22,7 % | | 22,4 km | 2h 30' | 97 |



R.7 conexión A GUDIÑA-ENTRECINSA

Agárdalle ao ciclota un percorrido espectacular con certa dificultade técnica debido ao desnivels nalgunhs tramos, onde o esforzo será recompensado con algunhas das mellores panorámicas do Parque Natural do Invernadoiro e o encoro das Portas. Tras abandonar o centro urbano da Gudíña, a través da estrada cara a Val da Porca, coléase unha pista forestal en dirección á Venda do Espiño para posteriormente continuar cara a Carrazedo de Santa. Despois de coroar o Alto das Portas recoméndase facer unha pequena paraxe para recuperar forza e gozar deste miradoiro natural antes de iniciar un espectacular descenso que finaliza na propia base do encoro. Un breve ascenso pola estrada que une a Gudíña con Vilaríño de Conso, permite que o ciclota alcance a aldea de Casarelos, final do descenso. Desde aquí, a opción máis recomendada é seguir as indicacións da ruta 8, "Ruta Val do Río Conso" no seu descenso cara a Entrecinsa. Os últimos quilómetros transcurren polo Camiño da Veiga Cabeira, paralelo ao río Conso, ata acadar a Casa do Concello de Vilaríño de Conso.

| | | | | | | | |
|----------------|--|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Casa da Vinea (A Gudíña) X= 42° 03.634'N Y= 007°08.433' W | altura máx. | 1116 | des. acum. posit. | dificultade | enfases | 8 |
| chegada | Casarelos, Entrecinsa (Vilaríño de Conso) X= 42°07.665'N Y= 007°12.335' W | altura mín. | 777 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 14,4 % | | 19,3 km | 2h 30' | 68 |



R.8 ruta do VAL DO RÍO CONSO

Magnífica ruta que percorre o val do río Conso e que combina á perfección a paixón pola bicicleta de montaña co pracer de descubrir unha paisaxe virxe e autóctona. Tras alcanzar a aldea de Soutelo e descender por un soulo ata a ribeira do río Penles accédese á aldea de Soutagrande. Este lugar é recoñecido pola presenza do Castiñeiro da Comedeira, un dos maiores de Galicia. En Sabugido non hai que deixar de visitar a igrexa de Santa María, unha das mellores mostras arquitectónicas do territorio. Seguindo un antigo camiño empinado que percorre parte da senda coñecida como "Ruta de Sabugido", á altura do encoro de Hedrada está amarrado un desvío fóra de ruta que finaliza na aldea do mesmo nome. Esta aldea patrimonial, de visita obrigada, conta con varios lugares de interese como a capela de San Xoán e a ferveza de Hedrada. A altura do encoro a ruta prossegue por uns estrados con pouco tránsito en dirección a Casarelos ata almar Entrecinsa, onde, en paralelo ao río Conso, se recorren os últimos quilómetros de regreso a Vilaríño de Conso.


| | | | | | | | |
|----------------|---|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Casa do Concello (Vilaríño de Conso) X= 42°09.985'N Y= 007°10.933' W | altura máx. | 956 | des. acum. posit. | dificultade | enfases | sen conexión |
| chegada | Casa do Concello (Vilaríño de Conso) X= 42°09.985'N Y= 007°10.933' W | altura mín. | 661 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 24,4 % | | 18,9 km | 2h | 90 |



R.9 ruta do ENCORO DO VAO

O encoro do Vao como protagonista, todos os afeccionados á BTT poden gozar dun percorrido variado cuxa única dificultade se encontra no ascenso á aldea de Conso por unha pista de formigón. A senda homologada PR.G-118 "Ruta dos Soutos" foi aproveitada en parte para o deseño desta ruta, polo que haberá que prestar atención á presenza de sendeiristas e respectar as normas de circulación. Na aldea de Conso sitúase o Pazo de Conso, exemplo das casas tradicionais galegas de carácter señorial. Desde este punto continúa en dirección á Vesada para cruzar o encoro do Vao pola ponte de Santa Mariña. Nesta encrucillada pódese seguir os sinais da ruta 10 da conexión con Viana do Bolo ou ben regresar a Vilaríño de Conso facendo unha última parada obrigada na praia fluvial do río Conso, moi preto cerca do final da ruta.


| | | | | | | | |
|----------------|---|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Casa do Concello (Vilaríño de Conso) X= 42°09.985'N Y= 007°10.933' W | altura máx. | 772 | des. acum. posit. | dificultade | enfases | 10 |
| chegada | Casa do Concello (Vilaríño de Conso) X= 42°09.985'N Y= 007°10.933' W | altura mín. | 651 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 21,7 % | | 7,8 km | 1h | 29 |



R.10 conexión VILARIÑO DE CONSO-VIANA DO BOLO

Un percorrido espectacular que comparte os seus primeiros quilómetros coa ruta 9, "Ruta do Encoro do Vao", pedaleando a través das dúas beiras deste encoro que baña o territorio coñecido como "Terras do Bolo". Tras cruzar a ponte de Santa Mariña esta ruta continúa en dirección norte alcanzando Lombo e O Campo Vello. En Quintela do Pando pódese visitar a igrexa de Santa Isabel e gozar das panorámicas do Alto da Chavea. Tras atravesar a ponte que une os concellos de Vilaríño de Conso e Viana do Bolo, existe a posibilidade de conectar a ruta 11 do Centro BTT, "Ruta As Telleiras", ou ben realizar os últimos quilómetros pola estrada que atravesará a localidade ata chegar á Casa da Cultura onde se localiza o punto de chegada.


| | | | | | | | |
|----------------|---|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Casa do Concello (Vilaríño de Conso) X= 42°09.985'N Y= 007°10.933' W | altura máx. | 900 | des. acum. posit. | dificultade | enfases | 9, 11 |
| chegada | Casa da Cultura (Viana do Bolo) X= 42°10.713'N Y= 007°06.571' W | altura mín. | 641 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 23,7 % | | 16 km | 1h 40' | 81 |



R.11 ruta AS TELLEIRAS

Ruta circular ideal para os usuarios que se estean a iniciar na BTT, dado que é unha das rutas máis curtas cun trazado técnico adecuado e que permite gozar dun contorno agradable. Nos seus primeiros metros percorre o centro da vila pasando pola Praza Mayor e pola antiga fortaleza onde sobreesce a torre da homenaxe que actualmente acolle o Museo Etnográfico das Terras de Viana. Tras cruzar a ponte da estrada cara a Vilaríño de Conso e percorrer algúns metros, haberá que prestar atención para collee á esquerda a pista que bordea o encoro. Gozando dun agradable paseo, cruzaese o encoro a través da ponte de Sarnez. Neste punto existe a posibilidade de continuar a ruta ou ben seguir as indicacións do desvío fóra de ruta cara ás Medulas de Castañeira. Estas antigas explotacións romanas deixan orras á existencia de varias tellas; antigas fornos onde se cocían tellas ou barro estrado das Medulas, cuxos restos aínda son apreciábeis. Para regresar a Viana do Bolo desde a ponte, será necesario percorrer un quilómetro da estrada xeral ata se desviar en dirección ao miradoiro de San Cibrao e gozar dunha fermosa panorámica da vila antes de regresar ao punto de chegada na Casa da Cultura.

| | | | | | | | |
|----------------|--|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Casa da Cultura (Viana do Bolo) X= 42°10.713'N Y= 007°06.571' W | altura máx. | 749 | des. acum. posit. | dificultade | enfases | sen conexión |
| chegada | Casa da Cultura (Viana do Bolo) X= 42°10.713'N Y= 007°06.571' W | altura mín. | 646 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 16,4 % | | 12 km | 1h 30' | 50 |



R.12 ruta A ESCRITA

Unha ruta para ciclistas avanzados que en dirección norte percorre algúns dos núcleos máis característicos das Terras do Bolo como Hedroso, Tabazo de Hedroso e Mourisca. Ademais, desde o Alto da Escrita pódese contemplar unha gran panorámica de Viana do Bolo amosando a súa pintoresca localización rodeada polo encoro do Vao e coroado polos restos da antiga fortaleza medieval. A ruta percorre os seus primeiros quilómetros en dirección cara á parroquia de Punreiro, para se dirixir cara á capela de San Román en Hedroso. Desde este punto local pedalea por unha pista a través da zona coñecida como As Devesas ata alcanzar o núcleo de Tabazo de Hedroso, poboación dividida en dous barrios, Barrio de Riba e Barrio de Bazo. Tras almar o cumio do Alto da Escrita, unha pista entre campos de cultivo pegada á beira do encoro regresa ao centro da vila onde se recomenda visitar a Torre da Homenaxe e a Praza Mayor antes de regresar ao punto de chegada na Casa da Cultura.

| | | | | | | | |
|----------------|--|--------------------|--------|--------------------------|--------------------|----------------|-------------------|
| saída | Casa da Cultura (Viana do Bolo) X= 42°10.713'N Y= 007°06.571' W | altura máx. | 1002 | des. acum. posit. | dificultade | enfases | 11 |
| chegada | Casa da Cultura (Viana do Bolo) X= 42°10.713'N Y= 007°06.571' W | altura mín. | 653 | pendiente máx. | distancia | tempo | índice IBP |
| | | | 16,4 % | | 17,8 km | 2h 15' | 75 |

